

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

RESOLUCIÓN do 14 de marzo de 2024, da Xefatura Territorial de Lugo, pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Mondoñedo (expediente IN407A 2023/155-2).

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción da instalación eléctrica que a continuación se describe:

Peticionario: Begasa.

Domicilio social: rúa Ramón María Aller Ulloa, 9, 27003 Lugo.

Denominación: cambio de localización e automatización do CT Areas.

Situación: concello de Mondoñedo.

Características técnicas principais:

- Reforma da liña aérea de alta tensión a 20 kV Fazouro consistente na instalación de seis semicrucetas de 1,5 m no apoio existente A96383, con orixe no apio 219848 existente e final no apoio A97093, cunha lonxitude de 452 metros de condutor existente a regular, condutor LA-110 mm.
- Liña soterrada de alta tensión a 20 kV Fazouro en triplo circuito, con orixe no PAS para realizar no apoio existente A96383 e final no CT 7231 Areas proxectado, cunha lonxitude de 60 metros cada circuito, en condutor HEPRZ1-240 mm.
- Centro de transformación prefabricado 7231 Areas, cunha potencia máxima admisible de 1.000 kVA e unha potencia inicial de 100 kVA, no cal se instalan tres celas de liña telemandadas e unha cela de protección de transformador, relación de transformación 20.000/400-230 V.
- Desmonte da aparataxe do CT 1289 Areas, dos fusibles XS S221535 e de 20 metros de condutor RHZ1-95.



Finalidade da instalación: mellora de instalacións.

Orzamento: 85.712,19 euros.

Documentación que se xunta:

- Separata para o Concello de Mondoñedo.
- Separata para Augas de Galicia.
- Separata para Axencia Galega de Infraestruturas.

Esta xefatura territorial, de acordo coas competencias que resultan do Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, o Decreto 49/2023, do 19 de maio, polo que se modifica o Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, e tendo en conta o Decreto 9/2017, do 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia,

RESOLVE:

En relación coa instalación de alta tensión, conceder a autorización administrativa previa e de construción ás ditas instalacións sen prexuízo de terceiros e con independencia das autorizacións que sexan necesarias para a execución da obra por parte doutros órganos da Administración, condicionada ao cumprimento das seguintes condicións:

Primeira. As instalacións deberán axustarse na súa execución ao disposto no citado proxecto de execución, e a dirección de obra deberá levala a cabo un técnico competente.

Segunda. O peticionario asegurará o mantemento e vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

Terceira. En todo momento deberán cumprirse as normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación, en particular canto establecen a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, o Real decreto 223/2008, do 15 de febreiro, polo que se aproban o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de



alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, e o Real decreto 337/2014, do 9 de maio, polo que se aproban o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante a conselleira de Economía, Industria e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente en dereito.

Lugo, 14 de marzo de 2024

Gustavo José Casasola de Cabo
Xefe territorial de Lugo

